



RESOLUCIÓN DO 13 DE ABRIL DE 2023 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE REGULA O SISTEMA DE REXISTRO E FLEXIBILIDADE HORARIA DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UDC

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia, inciden no principio de eficiencia na asignación e no emprego de recursos públicos.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas afonda na axilización dos procedementos cun pleno funcionamento electrónico, o que reverterá nun mellor cumprimento dos principios constitucionais de eficacia e seguridade xurídica que deben rexer a actuación das administracións públicas.

A Universidade da Coruña (a partir de agora UDC) determina a xornada e os horarios de traballo na Resolución do 30 de xaneiro de 2019 pola que regula a xornada, horario de traballo, as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do PAS, modificada polas resolucións do 20 de xuño de 2019, do 10 de xuño de 2021 e a resolución do 7 decembro de 2022 pola que se modifica o Texto consolidado da Resolución do 30 de xaneiro de 2019 ao abeiro do Acordo asinado coa Xunta de PAS para a modificación das condicións de traballo do PAS e do Acordo de prestación de servizos na modalidade de teletraballo. As referencias á flexibilidade, ao seguimento e cumprimento do horario e da xornada son escasas, polo que é conveniente a súa actualización e posta ao día.

A implantación e regulación dun sistema de información, de rexistro e flexibilidade horaria permitiralle á UDC acadar unha maior eficiencia dos servizos públicos. E, ademais, contribuirá a mellorar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a través de mecanismos xa implantados na UDC como a flexibilidade, a redución horaria ou o teletraballo.

No que atinxe á flexibilidade, régulase agora tanto a flexibilidade horaria derivada das circunstancias de conciliación da vida persoal, familiar e laboral,

Código Seguro De Verificación	1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	13/04/2023 20:03:03
Observacións		Páxina	1/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





previstas na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e na normativa que regula os permisos e licenzas na UDC, como a flexibilidade xeral para todo o persoal, establécense os requisitos e regúlanse os aspectos procedementais.

Por todo o exposto, a Xerencia da UDC, ao abeiro do artigo 40 dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, e o texto consolidado da Resolución reitoral do 14 de xaneiro de 2020 e pola que se establece a delegación de competencias nos órganos directivos da Universidade da Coruña, e lle confire atribucións á Xerencia relativas ao persoal de administración e servizos, e logo de negociar cos órganos de representación do PAS,

RESOLVE

Artigo 1. Obxecto

A presente resolución ten por obxecto regular o sistema de rexistro e flexibilidade horaria do persoal de administración e servizos da UDC.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

As disposicións contidas nesta resolución seranlle de aplicación ao persoal de administración e servizos da UDC.

Artigo 3. Calendario e tipos de xornada laboral

O calendario laboral e o horario de traballo son os que elabora cada ano a Xerencia da UDC, de acordo coa normativa correspondente.

A xornada laboral será a que estableza a Resolución pola que se regula a xornada, o horario de traballo, as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do PAS.

Artigo 4. Horario laboral. Flexibilidade

O horario laboral do persoal incluído no ámbito de aplicación da presente resolución é dos tipos descritos na resolución que regule a xornada, o horario de traballo, as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do PAS da UDC.

Código Seguro De Verificación	1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	13/04/2023 20:03:03
Observacións		Páxina	2/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





4.1. Dispoñibilidade horaria

O persoal que desempeñe postos clasificados como de libre designación e o persoal eventual estarán, ademais, sometidos á dispoñibilidade horaria.

4.2. Horario flexible

Para os efectos desta resolución enténdese por horario flexible o establecemento dun horario de traballo non rixido que se adapte ás necesidades do persoal de administración e servizos dentro dos límites previamente acordados pola UDC, coa salvagarda das necesidades do servizo.

Garantía de atención ao público:

O/a responsable de cada unidade/centro/servizo adoptará as medidas necesarias para que a realización de horario flexible por parte do persoal desa unidade/centro/servizo non afecte ao seu horario de apertura e atención ao público e garanta cando menos a presenza do persoal necesario no dito horario.

Para os efectos do rexistro horario, o número de horas ordinarias de traballo efectivo non poderá ser superior a 10 horas diarias.

4.2.1. Modalidades de horario laboral flexible

a) *Horario flexible por razóns da conciliación da vida persoal, familiar e laboral*

Esta modalidade está prevista no artigo 106.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

a.1) O horario de referencia fixarase en cada caso por pedimento da persoa interesada entre as 7.00 h e as 22.00 h co informe favorable da persoa responsable da unidade administrativa a que pertenza.

Dentro do horario de referencia establecido, a persoa interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre e cando resulten cumpridas todas as horas de traballo aplicables en cómputo mensual, se respecten as necesidades do servizo, quede garantida a apertura e peche dos edificios segundo o horario establecido, así como a atención ao público e polo menos 5 horas sexan realizadas na súa quenda correspondente.

Código Seguro De Verificación	1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	13/04/2023 20:03:03
Observacións		Páxina	3/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Esta modalidade de horario laboral flexible será incompatible coa flexibilidade xeral, establecida no apartado seguinte.

a.2) Cesamento na prestación do servizo en horario flexible por conciliación.

A prestación do servizo en horario flexible poderá ser revisada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- por causas que alteren substancialmente as condicións e os requisitos que motivaron a resolución,
- por pedimento do persoal, e
- por necesidades do servizo, debidamente motivadas.

Esta resolución deberalle ser notificada ao traballador ou traballadora cunha antelación mínima de 15 días hábiles

b) Flexibilidade xeral

b.1) O persoal poderase acoller sen necesidade de solicitude a esta modalidade de horario flexible, fóra dos supostos referidos no punto anterior de conciliación persoal, familiar e laboral, sempre e cando resulten cumpridas todas as horas de traballo aplicables, en cómputo mensual, se respecten as necesidades do servizo e quede garantida a apertura e o peche dos edificios segundo o horario establecido, así como o horario de atención ao público.

Este horario de flexibilidade xeral constará de dúas partes:

1) Parte fixa:

1.1) Horario fixo de presenza nas xornadas de 35 horas:

Quenda de mañá: o horario fixo de presenza diaria no posto de traballo será das 9.00 ás 14.00 h, de luns a venres.

Quenda de tarde: o horario fixo de presenza diaria no posto de traballo será das 16.00 ás 21.00 h, de luns a venres

Quenda partida: o horario fixo de presenza diaria no posto de traballo será das 9.30 ás 13.30 h e das 15.30 a 16.30 h, de luns a venres.

1.2) Horario fixo de presenza nas xornadas de 30 horas:

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==	Asinado	13/04/2023 20:03:03
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	
Observacións	Páxina	4/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	





Quenda de mañá: o horario fixo de presenza diaria no posto de traballo será das 9.00 ás 14.00 h, de luns a venres.

Quenda de tarde: o horario fixo de presenza diaria no posto de traballo será das 15.00 ás 20.00 h, de luns a venres

Quenda partida: o horario fixo de presenza diaria no posto de traballo será das 9.00 ás 14.00 h, de luns a venres

1.3) Horario fixo de presenza nas xornadas de 25 horas:

1.3.1 No mes de agosto o horario fixo das quendas de mañá, tarde e partida será, de luns a venres, das 9.15 ás 13.45 h.

1.3.2 No Nadal, luns de Entroido e Semana Santa, o horario fixo será:

Quenda de mañá: horario fixo de presenza diaria no posto de traballo será das 9.15 h ás 13.45 h

Quenda tarde: horario fixo de presenza diaria no posto de traballo será de luns a venres, das 14.15 h e das 18.45 h

Quenda partida: horario fixo de presenza diaria no posto de traballo será de luns a venres, das 9.15 ás 13.45 h.

2) Parte flexible:

2.1) Horario flexible nas xornadas de 35 horas:

Quenda de mañá: o tempo restante, ata completar a xornada laboral mensual, realizarase en horario flexible, de luns a venres, das 7.00 ás 9.00 h e das 14.00 ás 22.00 h, sempre que o centro ou o edificio permanezan abertos ou haxa un sistema de control de acceso.

Quenda de tarde: o tempo restante, ata completar a xornada laboral, realizarase en horario flexible, de luns a venres, das 7.00 ás 16.00 h e das 21.00 ás 22.00 h, sempre que o centro ou o edificio permanezan abertos ou haxa un sistema de control de acceso.

Quenda partida: o tempo restante, ata completar a xornada laboral mensual, realizarase en horario flexible, de luns a venres, das 7.00 ás 9.30 h, das 13:30 ás 15:30 h e das 16:30 ás 22.00 h, sempre que o centro ou o edificio

Código Seguro De Verificación	1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	13/04/2023 20:03:03
Observacións		Páxina	5/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





permanezan abertos ou haxa un sistema de control de acceso e, ademais, será obrigatorio un descanso dunha hora entre a mañá e a tarde.

2.2) Horario flexible nas xornadas de 30 horas:

Quenda de mañá: das 7.00 ás 9.00 h e das 14.00 ás 22.00 h, sempre que o centro ou o edificio permanezan abertos ou haxa un sistema de control de acceso.

Quenda de tarde: das 7.00 ás 15.00 h e das 20.00 ás 22.00 h, sempre que o centro ou o edificio permanezan abertos ou haxa un sistema de control de acceso.

Quenda partida: 7.00 ás 9.00 h e das 14.00 ás 22.00 h, sempre que o centro ou o edificio permanezan abertos ou haxa un sistema de control de acceso.

2.3) Horario flexible nas xornadas de 25 horas:

2.3.1 No mes de agosto o horario flexible das quendas de mañá, tarde e partida será, de luns a venres, das 7.00 ás 9.15 e das 13.45 h ás 22.00 h, sempre que o centro ou o edificio permanezan abertos ou haxa un sistema de control de acceso.

2.3.2 No Nadal, luns de Entroido e Semana Santa, o horario flexible será:

Quenda de mañá: das 7.00 ás 9.15 h e das 13.45 ás 22.00 h, sempre que o centro ou o edificio permanezan abertos ou haxa un sistema de control de acceso.

Quenda tarde: das 7.00 ás 14.15 h e das 18.45 ás 22.00 h, sempre que o centro ou o edificio permanezan abertos ou haxa un sistema de control de acceso.

Quenda partida: das 7.00 ás 9.15 h e das 13.45 ás 22.00 h, sempre que o centro ou o edificio permanezan abertos ou haxa un sistema de control de acceso.

b.2) Suspensión temporal da prestación do servizo en horario flexible

Cando as necesidades do servizo, debidamente motivadas, así o xustificuen, a prestación do servizo en horario flexible poderá ser suspendida

Código Seguro De Verificación	1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	13/04/2023 20:03:03
Observacións		Páxina	6/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





temporalmente.

A resolución pola cal se suspenda temporalmente a prestación de servizo en horario flexible deberá determinar o período da suspensión do dito réxime horario e terá que se lle comunicar á persoa cunha antelación mínima de 15 días hábiles.

4.2.2. Comunicación á Xunta de Persoal de Administración e Servizos

A Xerencia comunicarlle á Xunta de Persoal de Administración e Servizos a relación de solicitudes de flexibilidade por conciliación denegadas, as suspensións temporais do horario flexible xeral e o cesamento da prestación do servizo en horario flexible por conciliación, así como a súa motivación.

4.3. Outros horarios de referencia

De xeito excepcional e atendendo á natureza do servizo que se presta, poderanse establecer outros horarios de referencia en función da necesidade do servizo, co informe favorable do responsable da unidade logo do acordo co empregado e aprobado pola Xerencia, mais respectando en todo caso 5 horas continuadas de parte obrigatoria.

4.4. Tempo para efectuar as marcaxes

O persoal disporá dun total de 15 minutos diarios para efectuar as marcaxes de entrada e saída, que se computará como tempo de traballo efectivo.

Artigo 5. Compensación horaria

Por compensación horaria enténdese a posibilidade que ten o persoal de recuperar o tempo de traballo flexible non realizado.

O persoal suxeito ao horario laboral flexible poderá compensar, dentro do horario flexible do mes seguinte a aquel en que se produzan, os eventuais incumprimentos do horario asignado, en cómputo mensual. Do mesmo xeito, o exceso de xornada que se realice nun mes poderase compensar na parte flexible do mes seguinte.

A compensación horaria debe ser realizada na mesma modalidade da xornada (presencial ou teletraballo) que se flexibiliza.

Código Seguro De Verificación	1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	13/04/2023 20:03:03
Observacións		Páxina	7/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





No caso de persoal con vinculación temporal á UDC, a compensación horaria debe ser realizada antes da fin do contrato ou actividade.

No caso de iniciar un período de vacacións, permisos, licenzas, unha situación de incapacidade etc., a compensación horaria pendente debe ser realizada no mes seguinte tras a incorporación da persoa traballadora.

Artigo 6. Rexistro horario

O rexistro horario terá por obxecto verificar o cumprimento da xornada de traballo establecida.

Para tal efecto, todo o persoal deberá efectuar a marcaxe, ao inicio e remate da xornada laboral ou de interrupcións superiores a trinta minutos, a través do Portal do persoal ou, de ser o caso, cos medios que se lle faciliten para iso.

O rexistro horario efectuarase mediante o sistema electrónico implantado no Portal do persoal da Universidade da Coruña.

A tramitación de horas extraordinarias efectuarase segundo a Instrución ou a normativa correspondente.

Artigo 7. Xustificación de ausencias ou de puntualidade na parte de horario fixo

As ausencias, faltas de puntualidade e permanencia do persoal deberanse comunicar con carácter inmediato e xustificación acreditativa posterior, ante a persoa responsable da unidade administrativa á cal estea adscrito o persoal; para os efectos desta comunicación terán validez as comunicacións electrónicas que permitan deixar constancia da súa realización.

Non poderá constar ningunha ausencia no sistema de rexistro sen que estea debidamente xustificada, de conformidade coa normativa vixente. Calquera ausencia autorizada previamente e que, por causas xustificadas non chegue a realizarse, debe anularse no portal do persoal e acreditarse como horas de traballo realizadas.

Disposición adicional

Coa finalidade de asegurar a correcta aplicación e interpretación desta resolución, constituirase unha comisión paritaria de seguimento formada por

Páxina 8 de 11

Código Seguro De Verificación	1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	13/04/2023 20:03:03
Observacións		Páxina	8/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





representantes da Xerencia e da Xunta de Persoal de Administración e Servizos.

Na composición da comisión de seguimento procurarase acadar unha composición equilibrada de mulleres e homes.

Disposición transitoria primeira

O rexistro horario seralle de aplicación a todo o persoal de administración e servizos da UDC ao mesmo tempo, unha vez rematadas as experiencias piloto nos servizos, postos ou unidades que se determinen.

Mentres tanto, continuarase co sistema de rexistro horario vixente no momento da entrada en vigor desta resolución.

Disposición transitoria segunda

A Universidade comprométese a instalar, no prazo máximo de tres meses dende a publicación desta resolución, sistemas de acceso controlado naqueles centros que carezan destes, coa finalidade de permitir a flexibilidade a todo o persoal de administración e servizos, en aplicación desta resolución,

Disposición derradeira

1º Habilitación para o seu desenvolvemento

A Xerencia, no ámbito das súas competencias, poderá ditar as instrucións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta resolución.

2º Entrada en vigor

A presente resolución entrará en vigor o día seguinte da súa publicación na Sede Electrónica da Universidade da Coruña

A Coruña,

O xerente (P.D. 14/01/2020)

Ramón del Valle López

Código Seguro De Verificación	1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	13/04/2023 20:03:03
Observacións		Páxina	9/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





HORARIO XERAL (RR 30/01/2019) 35 HORAS

*XUÑO E SETEMBRO XORNADA DE 35 HORAS (PERSONAL QUE NON PRESTOU SERVIZO NO PECHE DE CENTROS)

35 horas/semana	7:00	8:00	9:00	10:00	11:00	12:00	13:00	14:00	15:00	16:00	17:00	18:00	19:00	20:00	21:00	22:00		
MAÑÁ 8:00a 15:00	HORARIO XERAL 35H																	
	H. FLEXIBLE	HORARIO FIXO						HORARIO FLEXIBLE										
TARDE 15:00 a 22:00									HORARIO XERAL 35H									
	HORARIO FLEXIBLE										HORARIO FIXO							
PARTIDA 8:30 a 13:30 15:00 a 17:00	HORARIO XERAL 35H								H. XERAL 35H									
	H. FLEXIBLE	HORARIO FIXO						1 h descanso obligado	H. FIXO	HORARIO FLEXIBLE								
								H.FLEXIBLE										
	7:00	8:00	9:00	10:00	11:00	12:00	13:00	14:00	15:00	16:00	17:00	18:00	19:00	20:00	21:00	22:00		

HORARIO DE VERÁN (RR 30/01/2019) XUÑO*, XULLO E SETEMBRO*(30 HORAS)

*XUÑO E SETEMBRO XORNADA DE 35 HORAS (PERSONAL QUE NON PRESTOU SERVIZO NO PECHE DE CENTROS)

30 horas/semana	7:00	8:00	9:00	10:00	11:00	12:00	13:00	14:00	15:00	16:00	17:00	18:00	19:00	20:00	21:00	22:00	
MAÑÁ e PARTIDA 8:30 a 14:30	HORARIO XERAL 30H																
	H. FLEXIBLE	HORARIO FIXO						HORARIO FLEXIBLE									
TARDE 14:30 a 20:30									HORARIO XERAL 30H								
	HORARIO FLEXIBLE										HORARIO FIXO						H. FLEXIBLE
	7:00	8:00	9:00	10:00	11:00	12:00	13:00	14:00	15:00	16:00	17:00	18:00	19:00	20:00	21:00	22:00	

Páxina 10 de 11


Código Seguro De Verificación	1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	13/04/2023 20:03:03	
Observacións		Páxina	10/11	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

HORARIO DE VERÁN (RR 30/01/2019) AGOSTO (25 HORAS)**
****PECHE DE CENTROS 1 ao 14 DE AGOSTO / PECHE DE CENTROS EN HORARIO DE TARDE 15 ao 31 AGOSTO**

25 horas/semana	7:00	8:00	9:00	10:00	11:00	12:00	13:00	14:00	15:00	16:00	17:00	18:00	19:00	20:00	21:00	22:00	
MAÑÁ, PARTIDA			HORARIO XERAL 25H														
E TARDE 9:00 a 14:00	H.FLEXIBLE		HORARIO FIXO					HORARIO FLEXIBLE									
	7:00	8:00	9:00	10:00	11:00	12:00	13:00	14:00	15:00	16:00	17:00	18:00	19:00	20:00	21:00	22:00	

HORARIO DE XORNADAS ESPECIAIS (RR 30/01/2019)
LUNS DE ENTROIDO, SEMANA SANTA E NADAL (24/12 ao 6/1) (25 HORAS)

25 horas/semana	7:00	8:00	9:00	10:00	11:00	12:00	13:00	14:00	15:00	16:00	17:00	18:00	19:00	20:00	21:00	22:00	
MAÑÁ, PARTIDA 9:00 a 14:00			HORARIO XERAL 25H														
	H.FLEXIBLE		HORARIO FIXO					HORARIO FLEXIBLE									
TARDE 14:00 a 19:00								HORARIO XERAL 25H									
	HORARIO FLEXIBLE							HORARIO FIXO			H.FLEXIBLE						
	7:00	8:00	9:00	10:00	11:00	12:00	13:00	14:00	15:00	16:00	17:00	18:00	19:00	20:00	21:00	22:00	

Código Seguro De Verificación	1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	13/04/2023 20:03:03	
Observacións		Páxina	11/11	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1d9N1f8TVA0HLT0SU+6sug==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			